



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias maio 2019

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de maio do ano 2019 acadou a cifra de 1.018.406 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de abril de 2019 de 7.814 afiliacións (0,77%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.442.113, rexistrando un aumento do 1,10% con respecto ao pasado mes de abril.

Na comparativa interanual (maio de 2019 con maio de 2018) obsérvase un incremento de 20.314 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,04%), e un incremento do 2,78% (526.445 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de abril de 2019, todas elas (agás Canarias (-0,06%)) rexistran un aumento das afiliacións, destacando principalmente Illes Balears (10,40%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Madrid, Comunitat Valenciana, Castilla La Mancha, Murcia e Andalucía (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias, Castilla y León, Cantabria e País Vasco (todas elas con taxas inferiores ao 2,0%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.442.113	211.751	1,10	526.445	2,78
Galicia	1.018.406	7.814	0,77	20.314	2,04
Andalucía	3.185.712	31.341	0,99	98.348	3,19
Aragón	582.845	10.905	1,91	15.221	2,68
Asturias	366.921	2.485	0,68	4.289	1,18
Illes Balears	557.469	52.528	10,40	12.601	2,31
Canarias	809.644	-478	-0,06	19.118	2,42
Cantabria	218.187	1.551	0,72	3.771	1,76
Castilla La Mancha	704.185	5.765	0,83	22.371	3,28
Castilla y León	921.650	6.769	0,74	12.372	1,36
Cataluña	3.479.847	35.933	1,04	85.939	2,53
Comunitat Valenciana	1.919.421	14.279	0,75	62.776	3,38
Extremadura	400.721	5.599	1,42	10.995	2,82
Madrid	3.234.827	12.829	0,40	109.323	3,50
Murcia	604.754	12.757	2,15	19.208	3,28
Navarra	289.127	2.808	0,98	7.381	2,62
País Vasco	969.287	6.198	0,64	17.178	1,80
La Rioja	131.352	2.551	1,98	2.766	2,15
Ceuta e Melilla	47.760	119	0,25	2.476	5,47

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de abril de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,46%, o que supón 10.486 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (2,16%), Lugo (1,54%) e, xa en menor medida, Ourense (0,42%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de maio con respecto ás do mes de abril de 2019, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,77%. Todas as provincias amosan datos positivos, producíndose os maiores aumentos en Pontevedra (0,87%) e Ourense (0,81%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	437.284	3.068	0,71	10.486	2,46
LUGO	123.242	840	0,69	1.868	1,54
OURENSE	102.581	827	0,81	431	0,42
PONTEVEDRA	355.299	3.079	0,87	7.529	2,16
GALICIA	1.018.406	7.814	0,77	20.314	2,04
ESPAÑA	19.442.113	211.751	1,10	526.445	2,78


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,3% das afiliacións galegas en maio de 2019, medraron un 1,01% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,08%. En España estas taxas foron do 1,26% con respecto a abril de 2019 e do 3,28% en relación ao mes de maio de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,0%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,32%. Para este réxime e con respecto ao mes de abril de 2019, todas as provincias (agás Ourense) rexistran taxas positivas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,12%. As taxas nacionais para este réxime presentan un aumento con respecto a abril de 2019 (0,34%) e tamén con respecto a maio de 2018 (0,50%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a maio de 2018 Lugo é a única provincia con taxa positiva (1,39%), mentres que o maior descenso rexístrase en A Coruña (-2,31%). A taxa galega sitúase entón no -1,80%, inferior á de España (-0,15%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a abril de 2019), estas son negativas en todas as provincias e o maior descenso corresponde a Lugo (-2,91%), polo que a taxa galega amosa unha diminución do 1,37% con respecto a abril de 2019. A taxa nacional é do 0,42%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MAIO 2019	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	437.284	0,71	2,46
LUGO	123.242	0,69	1,54
OURENSE	102.581	0,81	0,42
PONTEVEDRA	355.299	0,87	2,16
GALICIA	1.018.406	0,77	2,04
ESPAÑA	19.442.113	1,10	2,78
R. XERAL			
A CORUÑA	345.935	0,91	3,39
LUGO	87.531	1,01	3,35
OURENSE	78.728	1,12	1,94
PONTEVEDRA	274.750	1,11	2,94
GALICIA	786.944	1,01	3,08
ESPAÑA	16.097.438	1,26	3,28
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.732	0,12	-0,82
LUGO	34.177	0,03	-2,83
OURENSE	23.853	-0,17	-4,28
PONTEVEDRA	67.128	0,26	-0,06
GALICIA	210.890	0,12	-1,32
ESPAÑA	3.277.855	0,34	0,50
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.617	-2,48	-2,31
LUGO	1.534	-2,91	1,39
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.422	-0,71	-1,94
GALICIA	20.573	-1,37	-1,80
ESPAÑA	65.284	0,42	-0,15

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>